

Convocatoria para a elaboración de UNIDADES DIDÁCTICAS USC do Servizo de Normalización Lingüística 2024

O Servizo de Normalización Lingüística (SNL), de acordo coa súa misión de dotar de soporte técnico o proceso de normalización lingüística na Universidade de Santiago de Compostela promove, durante o presente ano 2024, a elaboración e edición de diversos títulos para a colección UNIDADES DIDÁCTICAS USC.

As unidades didácticas son un recurso orientado a apoiar o traballo do profesorado e do alumnado nos seus diferentes papeis na docencia. Nelas achéganse os propósitos de aprendizaxe, a concreción do proceso de ensino-aprendizaxe e a verificación das metas acadadas nun contido didáctico. Trátase dun plan detallado que inclúe a presentación da materia, os obxectivos, o contido ou contidos abordados, a metodoloxía docente e a avaliación que o profesorado propón para traballar unha das temáticas que integran, xunto con outras, unha materia dunha titulación.

A Universidade de Santiago, nunha actuación conxunta do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (SPIC) e o SNL, leva anos publicando unidades didácticas a través dunha colección que pretende atinxir unha docencia de maior calidade e unha maior presenza do galego nas aulas universitarias. Con esta convocatoria persegue aumentar os títulos desta colección.

A Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación, a través do Servizo de Normalización Lingüística, define esta convocatoria para apoiar e financiar a elaboración e edición dixital de **quinze títulos** para esta colección e resolve publicar a **convocatoria para a elaboración de UNIDADES DIDÁCTICAS 2024**.

1. Destinatarios

Poderá presentar propostas de UNIDADES DIDÁCTICAS USC o persoal docente e investigador da USC de maneira individual ou en grupos de ata tres persoas. Para facelo será preciso que polo menos un dos autores teña vinculación permanente coa USC ou que se poida verificar que no POD do curso actual imparta a súa docencia expositiva ou interactiva en lingua galega.

2. Tipoloxía das propostas de UNIDADES DIDÁCTICAS USC

Cada autor ou autora ou grupo de autores poderá presentar **un máximo de dúas** propostas, encadradas nunha materia pertencente a algunha das titulacións de grao ou mestrado da USC. As propostas deberán dirixirse a forner materiais didácticos que axuden a lograr unha docencia de calidade.

As autoras ou autores seleccionados deberán axustarse ao modelo establecido para a colección. Este modelo faráselles chegar con posterioridade á selección de propostas.

O formato será exclusivamente dixital.

É posible consultar os títulos xa publicados desta colección na seguinte ligazón:
<https://www.usc.gal/omp/index.php/spic/catalog/series/ud>

3. Criterios xerais de valoración

As propostas presentadas a esta convocatoria de UNIDADES DIDÁCTICAS USC deberán redactarse en lingua galega.

O SNL valorará as propostas seguindo os seguintes criterios:

- Pertinencia e encaixe da proposta na colección de Unidades Didácticas (ata 5 puntos)
- Implicación dos autores no uso do galego na docencia segundo o POD (ata 4 puntos)
- Grao de elaboración da UD (ata 4 puntos)
- Coincidencia con actuacións de promoción do uso do galego que o SNL considere prioritarias (ata 3 puntos).
- Ter feito o Obradoiro de Elaboración de Unidades Didácticas nalgunha das súas convocatorias (2 puntos)
- Impacto na comunidade universitaria (ata 2 puntos)

4. Prazo e forma de presentación das propostas

O prazo de presentación das propostas de UNIDADES DIDÁCTICAS comezará dende o día seguinte ao da publicación desta convocatoria e rematará o día **28 de xuño de 2024**. Aquelas propostas que se presenten con posterioridade á finalización deste prazo quedarán excluídas.

Cada proposta debe incluír:

- Un título
- Nome, apelidos e departamento(s) de pertenza do(s) autor(es)
- Área e departamento de pertenza do(s) autor(es)
- Materia(s), curso(s) e grao(s) en que o contido sería utilizable.
- Contido avanzado da proposta ou ben un resumo que a describa da mellor maneira posible.

Todas as propostas irán dirixidas ao Servizo de Normalización Lingüística, a través da SOLICITUDE XERAL do rexistro electrónico da USC, e acompañarase un arquivo ou arquivos en formato pdf:

<https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/registroEntrada/acceso.htm>

5. Resolución da convocatoria e selección dos propostas

O SNL valorará todas as propostas presentadas e fará unha selección daquelas quince que considere máis axeitadas. A súa decisión será inapelable.

A relación de propostas aceptadas farase pública no taboleiro electrónico da USC e no web do SNL e notificarase aos propoñentes:

<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/normalizacion-linguistica>

6. Formación

Durante a realización das UD dende o SNL ofrecerase asesoramento para o desenvolvemento e publicación destas.

7. Publicación

A Universidade de Santiago de Compostela, a través do seu Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, publicará na colección UNIDADES DIDÁCTICAS USC os quince títulos seleccionados ao longo do curso 24/25.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela e Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Igualmente, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito ata que non recaia a resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Gumersindo Feijoo Costa

Vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación

(por delegación de competencias, RR. do 21 de abril de 2022 e modificada por RR do 26 de setembro de 2023)

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: GUMERSINDO FEIJOO COSTA, VICERREITOR DE TRANSFORMACION DIXITAL E INNOVACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 12/05/2024 18:53:47.

CSV: A0D6-12C3-4687-BF8C